



1. RISCOS

Moitos dos riscos derivados do uso da telefonía móbil xa foron explicados no primeiro tema, posto que estes dispositivos actúan con frecuencia como pequenos ordenadores con acceso a webs, vídeos, redes sociais, mensaxería... O feito de que sexa un dispositivo móbil engade tamén máis riscos. Vexamos algúns dos riscos máis específicos vinculados aos teléfonos móbiles.

1.1. GASTO EXCESIVO

O problema máis frecuente é o uso excesivo, co que comporta de gasto tamén excesivo. Non se trata só do uso normal, senón tamén o que provén de chamadas fraudulentas: as típicas mensaxes SMS a servizos Premium para participar nun concurso ou para descargar unha melodía ou un xogo. Recentemente, as operadoras de telefonía móbil puxeron a disposición de pais e nais unha serie de ferramentas de control e prevención de situacións conflitivas, tales como teléfonos con localizador para saber onde se atopa o menor; servizos de cobro revertido para que poidan chamar aínda que non teñan saldo; mecanismos de restrición de chamadas e mensaxes, e servizos de filtrado e uso restrinxido de contidos de Internet. Seguramente leremos nalgúns lugares que é máis recomendable a opción de contrato prepago para limitar o seu uso. Sen embargo hoxe en día os contratos permiten limitar igualmente o gasto, e ademais proporcionan a pais e nais un detalle do uso realizado. Por exemplo, pódese saber a que números chama ou manda SMS con máis frecuencia, en que momento do día realiza as chamadas ou manda os SMS, se utiliza o móbil para chamar a números de tarifa adicional, se descarga tons, fondos ou xogos ou se se conecta a Internet.

1.2. ADICCIÓN

A adicción é outro dos problemas que se poden dar. Os móbiles son dispositivos que se levan sempre consigo, a calquera sitio, e ademais son de uso exclusivo da persoa. En cambio o ordenador na casa pode ser compartido por outros membros da familia e o seu uso é máis facilmente controlable no fogar. O móbil, sen embargo, pode levarse ao cuarto e o rapaz ou rapaza pasarse horas conectado con el sen ningún control.

A "nomofobia" é o medo irracional a saír de casa sen o teléfono móbil. Prové do inglés "nomo" que é a abreviatura de "no mobile", é dicir, "sen móbil". Este aparece entre os adictos que se angustian por non poder comunicarse a través do teléfono móbil. Din os expertos que os nenos e nenas desenvolven antes a parte do cerebro que controla a coordinación e o movemento, mentres que a área dedicada ao xuízo, o control do comportamento e a organización está moito menos desenvolvida. Isto fai que os adolescentes sexan máis proclives á procura de sensacións fortes e un comportamento compulsivo. Polo tanto, é máis fácil que caian nunha adicción tecnolóxica. Como sempre, hai que ser cautelosos, diferenciando entre a adicción e o uso excesivo. Do mesmo xeito que cando falamos de Internet, a adicción caracterízase por unha serie de comportamentos do menor:

- Uso excesivo do móbil.
- Necesidade de estar á última nos terminais.
- Mentiras no seo familiar acerca do uso do móbil.
- Diminución do rendemento escolar.
- Uso do móbil en todo momento, sen importar se está en clase, na comida, ou facendo deporte.
- Diminución da comunicación co resto da familia.
 - Gasto excesivo na factura do móbil por mor de descargas de xogos, cancións, etc.

Como ben sinala o psicólogo experto no tratamento de adiccións, Alberto Beltrán ([Centro Municipal de Atención e Prevención ás Adiccións de Zaragoza](#)), "á hora de encarar un problema deste tipo cun menor, hai que preocuparse non polo uso que lle dá ao móbil, senón polo que deixa de facer".

1.3. ACOSO

No ano 2011, INTECO (Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación) e Orange levaron a cabo un "[Estudo sobre hábitos seguros no uso de smartphones polos nenos e adolescentes españois](#)". Datos destacados do informe son:

- 2,5% dos menores confesa ser obxecto de ciberacoso a través do teléfono por parte doutros menores
- 82,3% dos menores usan o seu móbil para facer e enviar fotografías.
- 4,8% dos menores enquisados recoñece que a súa imaxe foi difundida por outros sen prestar consentimento.
- O 4,3% dos menores recibiu imaxes suxestivas de persoas da súa contorna (sexting pasivo), e un 1,5% recoñece terse feito a si mesmo fotografías de carácter sexy (sexting activo).
- O sexting activo é máis practicado por mozas (2,2%) ao contrario que sexting pasivo, máis practicado polos mozos (5,1%).
- Un 3,8% dos menores afirma que recibiu chamadas ou SMS de adultos descoñecidos que querían coñecelos
 - O 17,8% dos menores di ser obxecto de prexuízo económico (estafas, fraudes, etc.) co seu smartphone.

Como xa vemos por estas cifras, o *sexting* é a forma máis frecuente de acoso a través do móbil. *Sexting* é un anglicismo (contracción de *sex* e *texting*) que se refire ao envío de contidos de tipo erótico ou pornográfico (xeralmente vídeos e fotografías) mediante teléfonos móbiles ou ordenadores.

Inda que é algo que se pode realizar con calquera equipo conectado á Rede, o máis frecuente é que se faga a través do teléfono móbil. Mediante sistemas de mensaxería móbil como o *WhatsApp*, as fotografías deste tipo circulan rapidamente pola Rede, perdéndose totalmente o control sobre elas.

O *sexting* pode ser de tipo pasivo ou de tipo activo. O de tipo activo corresponde ao que toma e envía imaxes de carácter erótico de si mesmo, mentres que o pasivo engloba ao receptor desas imaxes e a protagonistas delas que descoñecen ou non autorizan a súa divulgación.

A protección da propia imaxe é algo que se debe inculcar aos menores e as consecuencias de facerse fotos e distribuílas a través de Internet tamén deben ser coñecidas por eles e elas. Unha vez que unha imaxe ou vídeo entra na Rede, pérdese totalmente o control sobre ela. Así como noutros tempos ensinabamos fotos aos nosos contactos, hoxe, a través de Internet, non se ensinan fotos: regálanse fotos.

Outro tipo de acoso tamén moi ligado á telefonía móbil é o *ciberbullying*. Seguramente na nosa experiencia docente saberemos de casos de acoso a rapaces ou rapazas no ámbito escolar que son gravados polos compañeiros e difundidos posteriormente a través dos móbiles ou subidos a canles de vídeo como *Youtube* ou outros servizos deste tipo. Xa comentamos que é fácil denunciar un vídeo inapropiado a *Youtube* para que o retire, pero como xa vimos, unha vez que a gravación estivo subida a Internet, inda que só fora por unhas horas, xa pode estar espallada por outros servizos e almacenada en multitude de equipos privados. Sorprenderíavos coñecer a cantidade de abusos de todo tipo (sexuais ou non) que circulan por Internet a pouco que busquedes. Hai blogs, moitos deles de países latinoamericanos, dedicados case á difusión de imaxes e vídeos de abusos no ámbito escolar.

1.4. ACCESO A CONTIDOS INAPROPIADOS

Non nos referimos tanto a contidos de webs, como a imaxes e vídeos que se poden recibir a través dos distintos servizos e aplicacións do móbil. Xa falamos do *sexting pasivo*, pero tamén podemos falar de *ciberbullying*. O menor pode recibir imaxes de abusos e vexacións de compañeiros e compañeiras. Tamén pode accederse a imaxes ou vídeos de contido sexual ou racista ou xenófobo.

1.5. XEOLOCALIZACIÓN

O que é un avance e unha vantaxe nestas novas tecnoloxías, non o é tanto se se fai un mal uso dela. A combinación deste servizo cunha lista de contactos inapropiada abre unha porta a riscos tales como encontros con estraños, abusos, roubos e accións delitivas contra a propia familia do menor. Non se dá aínda aquí como noutros lugares – Latinoamérica sobre todo– pero a posibilidade existe

